

NOME CIENTÍFICO

Quercus robur

Descrición:

Árbore de folla caduca que pode chegar aos 30 metros de altura. Copa ancha e tronco leñoso. Típico de lugares de clima atlántico dende o nivel do mar ata os 1000 metros de altitude. Dá lugar a bosques denominados carballeiras. Moi lonxeva.



140

As súas follas son grandes, simple e dispostas alternativamente. De cor verde intenso, presentan unha forma avalada característica.

Familia: Fagaceae
Orixe: Europa
Nome común: Carballo



141



143



142

As súas flores. As flores masculinas aparecen en amentos colgantes de cor verde-amarelado.

O seu froito son as landras. Colgan sobre un longo pedúnculo, son avaladas e teñen unha caparuzza de escamas.

Quercus robur

Hábitat

É autóctono da Europa atlántica e continental podendo aparecer en Asia occidental. Precisa de solos profundos e frescos, principalmente sen cal e algo húmidos. Resistente ao frío, non soporta a seca estival. En Galicia foi a especie arbórea principal durante séculos.

Usos ou propiedades

Ten unha grande importancia ecolóxica debido á grande cantidade de especies asociadas, sobre todo de insectos. Economicamente é moi valorado pola súa madeira de grande resistencia e alta calidade.

Categoría IUCN

Preocupación menor (LC)

Curiosidades

Considerada árbore sagrada en moitos lugares de Europa. Asociada á forza e resistencia física. Símbolo nacional en varios países (Inglaterra, Irlanda, Alemaña...) entre os que destacamos Euskadi coa súa árbore de Gernika, símbolo das liberdades de Biscaia. No concello de Carballedo en Lugo, subsiste un exemplar que pode ser o máis lonxevo do mundo. Unhas pólas derribadas foron datadas en 800 anos, polo que a súa idade podería roldar os 1500.